CO FINANCIAMENTO

XUNTA DE GALICIA

ASOCIACIÓN PROVINCIAL EMPRESARIOS HOSTELERÍA E TURISMO LUGO

PARA COMER, LUGO

AVALIACIÓN E PREVENCIÓN DE RISCOS PSICOSOCIAIS EN HOSTALERÍA NA PROVINCIA DE LUGO

Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo

ÍNDICE

1. Antecedentes
2. Obxectivos do proyecto
3. Alcance territorial
4. Participantes
5. Metodoloxía
6. Análise xeral
7. Conclusións xerais
8. Análises particulares e conclusións respectivas
9. Bibliografía

1. Antecedentes

O feito de que nas empresas traballen persoas implica aceptar que as empresas teñen un compoñente social. Con todo, a non aceptación do compoñente social leva a apariciçon dunha serie de riscos psicosociais que, apenas se teñen en conta e que, en cambio teñen unha gran repercusión na saúde e benestar das persoas.

Hoxe en día, prácticamente todos os axentes empresariais circunscriben os riscos laborais ao ámbito da saúde física, de maneira que na avaliación dos riscos laborais dos postos de traballo nas empresas apenas se teñen en conta os factores de risco psicosocial.

Os riscos laborais identifícanse case únicamente cos riscos físicos, é dicir, con aquilo que é "visible". Os factores de riscos psicosociais pasan en certo xeito inadvertidos, o que quizais vén propiciado pola existencia dunha lexislación pouco precisa acerca dos riscos psicosociais e pola subxetividade dos conceptos que rodean aos riscos psicosociais,xa que éstes "non se ven".

Entendemos por factores psicosociais as condicións presentes nas situacións laborais directamente relacionadas coa organización do traballo, có contido do posto, coa realización da tarefa e mesmo coa contorna, que teñen a capacidade de afectar ó desenvolvemento do traballo e á saúde das persoas traballadoras.

Os factores de risco psicosocial están na orixe de erros humanos presentes nos accidentes de traballo. Por tanto un traballador que se atopa baixo factores de risco psicosocial ten máis de risco de sufrir ou provocar accidentes.

A actividade de hostalaría, en xeral, pode ser xeradora de altos índices de tensións, especialmente si o traballador asume tarefas diversas (recepción, camareiro, servizo de habitación, etc.). A sobrecarga laboral e a ausencia de control sobre as tarefas constitúense coma os principias factores de risco psicosocial. O risco increméntase no caso de que o traballador perciba unha falta de xustiza, de recompensas ou de conflito de valores.

Numerosos estudos poñen de manifesto as relacións entre tensións e saúde. Tensión laboral, conceptualizada como "factores psicosociais", definiuse coma "un conxunto de reaccións emocionais, cognitivas, fisiológicas e comportamentales a certos aspectos do contido, a organización ou a contorna de traballo. Un estado que se

caracteriza por altos niveis de excitación e angustia, coa sensación de non poder facer nada fronte á situación".

A Lei de Prevención de Riscos Laborais (Lei 31/1995, de 8 de novembro) que ten por obxecto a determinación do corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un adecuado nivel de protección da saúde dos traballadores fronte aos riscos derivados das condicións de traballo, e iso no marco dunha política coherente,coordinada e eficaz de prevención dos riscos laborais, debe ser unha ferramenta para facer fronte aos riscos psicosociais desde o momento en que éstes poden afectar negativamente tanto ao benestar como á saúde das persoas traballadoras.

2. Obxectivos do proyecto

Obxectivo xeral:

- Coñecer os factores de risco psicosocial aos que se atopan expostos os traballadores de recente incorporación ou eventuais do sector da hostalaría na provincia de Lugo.

Obxectivos específicos:

- Describir os principais postos de traballo
- Realizar unha avaliación dos riscos tradicionais aos que están expostos os empregados de recente incorporación ou eventuais no sector da hostalaría da provincia de Lugo.
- Realizar unha avaliación específica dos riscos psicosociais aos empregados de recente incorporación ou eventuais no sector da hostalaría da provincia de Lugo.
- Elaborar as medidas preventivas organizativas necesarias para diminuír ou eliminar o risco psicosocial.

3. Alcance territorial

Traballadores de recente incorporación e traballadores con contratos eventuais do Sector da Hostalería da provincia de Lugo.

O ámbito territorial do Proxecto será a provincia de Lugo, podendo ser os resultados transferidos a outras provincias.

Estes resultados serán trasladados á Confederación Galega de Hostalería (CEHOSGA), para que a través dos resultados deste diagnóstico poidan chegar a todas as provincias da nosa comunidade.

4. Participantes

Empresa	Entrevistados
Empresa 1	75%
Empresa 2	100%
Empresa 3	100%
Empresa 4	100%
Empresa 5	66%
Empresa 6	66%
Empresa 7	100%
Empresa 8	100%
Empresa 9	100%
Empresa 10	66%
Empresa 11	100%
Empresa 12	100%
Empresa 13	100%
Empresa 14	100%
Empresa 15	66%

5. Metodoloxía

O estudo, de tipo observacional, descritivo e transversal, baséase na análise dos datos recollidos nun cuestionario autocumprimentado que se distribuiu entre os traballadores de recente incorporación e eventuais de establecementos hostaleiros da provincia de Lugo.

A mostra do estudo está consituída por un mínimo de 15 empresas.

Para avaliar a exposición aos riscos psicosociais nestas empresas, empregouse a versión curta do Cuestionario de Avaliación de Riscos Psicosociais no Traballo ISTAS 21 (CoPsoQ), destinado ás pequenas empresas. É a adaptación para o Estado español do Cuestionario Psicosocial de Copenhague (CoPsoQ), o cal foi desenvolvido no ano 2000 por un equipo de investigadores do Instituto Nacional de Saúde Laboral de Dinamarca, liderado polo profesor Tage S. Kristensen. Trátase do instrumento de medida do risco psicosocial máis utilizado a nivel internacional, identifica e avalía os riscos psicosociais e facilita o deseño e implementación de medidas preventivas. A súa validación e adaptación ao estado español foi realizada por un grupo de traballo constituído polo Instituto Sindical de Traballo, Ambente e Saúde (ISTAS).

O CoPsoQ PSQCAT v2, na súa versión curta é unha metodoloxía para a avaliación e prevención de riscos psicosociais no traballo en empresas con menos de 25 persoas. Inclúe un cuestionario de resposta individual e o tratamento de datos faise de forma colectiva, co obxectivo de valorar a exposición a factores de riscos psicosociais. Non avalía ao individuo, senón ás condicións de traballo.

A metodoloxía CoPsoQ PSQCAT reúne as seguintes características básicas:

- Incorpora o coñecemento e metodoloxía científica. O coñecemento científico permite definir cales son os riscos psicosociais e como se ha de proceder para podelos identificar, medir e valorar nas empresas.
- Fundaméntase nun proceso de intervención participativo pautado paso a paso, desde o acordo para utilizar o método, pasando pola fase de obtención da información ata o acordo das medidas preventivas en orixe.
- Facilita a acción sobre a orixe dos riscos. Facilita a identificación das causas e a determinación das medidas preventivas máis axeitadas.

- Garante a participación dos axentes sociais en todo o proceso de prevención; os coñececementos científicos e técnicos compleméntanse cos derivados da experiencia; a participación mellora a calidade da avaliación e facilita a súa eficacia preventiva.
- Adaptado a apequenas empresas. Para empresas con menos de 25 traballadores.
- Aplicable a todas as empresas. A metodoloxía CoPsoQ PSQCAT está deseñada para calquera tipo de empresa, independentemente da súa actividade.
- Incorpora todos os requisitos legais. Cumpre con todos os requisitos legais para a avaliación e prevención dos riscos nas empresas. Éstes están regulados na Lei de prevención de riscos laborais (LPRL), Lei 31/1995, de 8 de novembro e no Regulamento dos servizos de prevnción (RSP), RD 39/1997, de 17 de xaneiro.

Este instrumento deseñado para identificar e medir a exposición a factores de risco de natureza psicosocial, consta de 38 preguntas agrupadas nas seguintes 6 dimensións de exposición a riscos psicosociais:

Dimensións

1) **Esixencias psicolóxicas**

Éstas son as derivadas da cantidade de traballo. É dicir, cando temos máis traballo do que podemos realizar no tempo asignado. Ten que ver coa: falta de persoal, a incorrecta medicións dos tempos, a mala planificación, a estructura salarial e a inadecuación das ferramentas, materiais ou procesos de traballo o que pode supoñer o alongamento da xornada laboral.

2) **Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento:**

Ten que ver coa falta de control sobre os contidos e as condicións de traballo e das posibilidades de desenvolvemento, é dicir, coa influencia e o marxe de autonomía na forma de realizar o traballo, coas posibilidades para aplicar habilidades e coñecementos ou có sentido do traballo (utilidade, importancia social, aprendizaxe…).

3) **Inseguridade**

Refírese á preocupación polo futuro, pola estabilidade do emprego e das posibilidades de empregabilidade. Ten que ver coa inseguridade sobre as condicións de traballo, coas amenazas de empeoramento destas condicións e a posibilidade de

cambios no futuro. Ademais tamén inflúe a inseguridade contractual referida ao cambio de posto ou servicio contra a vontade do traballador.

4) Apoio e liderado

Relaciónase có apoio social, a calidade do liderado, a previsibilidade ou de claridade do rol no traballo. No caso da falta de apoio social se pode observar: que hai que traballar illadamente, sen apoio dos superiores ou compañeiros e compañeiras, coas tarefas mal definidas ou sen a información adecuada e a tempo. En canto á calidade de liderado, ten que ver cós principios e procedementos de xestión persoal e a capacitación dos mandos para o apoio, a comunicación…Por outro lado, a falta de previsibilidade está relacionada coa ausencia de información e a falta de formación nos cambios. E por último a claridade de rol é o coñecemento concreto da tarefas a realizar, obxectivos e recursos a emplear.

5) Dobre presencia

Ten en conta as esixencias familiares e laborais que deben asumirse de forma simultánea. Son altas cando as esixencias laborais interfiren coas familiares. Tamén ten que ver coa ordenación, duración, alongamento ou modificación da xornada de traballo, o nivel de autonomía (por exemplo, horarios ou días laborais incompatibles có coidado das persoas ou da vida social). É debido á imposibilidade de adaptar o horario ás necesidades familiares…

6) Estima

Está relacionada coas faltas de respeto ou o trato inxusto. Refírese á medida en que as persoas traballadoras son tratadas con equidade no seu traballo, o que se traduce en dar a cada un o que se merece e corresponde polo traballo que desempeña.

Proceso de intervención

Como calquera proceso de intervención, a avaliación e prevención de riscos psicosociais requeriu ter estructurado o que se debe facer, quen o fai e quen o impulsa.

1) Acordar a avaliación e a prevención dos riscos psicosociais.

Aceptar a licenza de uso do método implica o acordo de facer a avaliación de riscos psicosociais co CoPcoQ PSQCAT, versión curta, respectando as condicións alí

establecidas: en empresas con respresentación dos traballadores realízao o Grupo de traballo (formado polo representante da Dirección e o representante dos traballadores,co asesoramento da persoa técnica en prevención). En empresas sen representación dos traballadores realízao a Dirección da empresa e a persoa técnica de prevención.

2) Obter os datos da exposición.

- Deseñar a distribución, resposta e recollida do cuestionario, informar ao persoal e distribuír e recoller o cuestionario.
- Responder o cuestionario: Realízao todo o persoal que cumpra os requisitos.
- Resumir os datos de exposición. Encárgase a persoa técnica de prevención.

3) Acordar e levar a cabo as medidas preventivas.

- Concretar a orixe da exposición e unha proposta de medidas preventivas. É necesario que todo o persoal teña a posibilidade de participar e sería desexable a súa participación a través dos Círculos de Prevención.
- Acordar as medidas preventivas

6. Análise xeral

A análise do proxecto consta de dúas partes:

1) Análise do cuestionario, de cada un dos apartados do cuestionario.
2) Análise xeral, a partir dos datos obtidos do cuestionario e o círculo de prevención.

En canto, á explicación da análise consta de varias táboas que son o resultado tanto do cuestionario como de o círculo de prevención. Polo tanto hai que ter en conta que as táboas de medias, de resumo de exposicións e de preguntas teñen que ver cós resultados do cuestionario. Mentres que as táboas da orixe dos riscos psicosociais e medidas preventivas e a de planificación de medidas preventivas son o resultados de todo o proceso de investigación.

A primeira parte consta de dúas fases:

1) Anotar os puntos obtidos de cada apartado
2) Comprobar o nivel que lle corresponde: verde, amarelo ou vermello; sendo o verde o máis favorable para a saúde dos traballadores e o vermello o máis desfavorable

		Tu puntuación	Puntuaciones para la población ocupada de referencia		
Apartado	Dimensión psicosocial		Verde	Amarillo	Rojo
1	Exigencias psicológicas		De 0 a 7	De 8 a 10	De 11 a 24
2	Trabajo activo y posibilidades de desarrollo (influencia, desarrollo de habilidades, control sobre los tiempos)		De 40 a 26	De 25 a 21	De 20 a 0
3	Inseguridad		De 0 a 1	De 2 a 5	De 6 a 16
4	Apoyo social y calidad de liderazgo		De 40 a 29	De 28 a 24	De 23 a 0
5	Doble presencia		De 0 a 3	De 4 a 6	De 7 a 16
6	Estima		De 16 a 13	De 12 a 11	De 10 a 0

Táboa de medias das dimensións:

Dimensións	Media
Esixencias psicolóxicas	12
Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento	27
Inseguridade	7
Apoio e liderado	29
Dobre presencia	8
Estima	9

Nesta táboa se indica o promedio das dimensións, tendo en conta tódalas respostas en cada unha delas. Indicando con cores o nivel de salubridade das dimensións, sendo as máis favorables de cor verde e as máis desfavorables vermellas.

En canto ás dimensións máis favorables, destacan: o traballo activo e as posibilidades de desenvolvemento e o apoio e liderado, que se sitúan no nivel máis favorable para a saúde dos traballadores, coa cor verde.

En primer lugar, o traballo activo e posibilidades de desenvolvemento ten que ver coa falta de control sobre os contidos e as condicións de traballo e das posibilidades de desenvolvemento, é dicir, coa influencia na xestión das funcións, o marxe de autonomía na forma de realizar o traballo, coas posibilidades para aplicar habilidades e coñecementos ou có sentido do traballo (utilidade, importancia social, aprendizaxe…).

En segundo lugar, a dimensión de apoio e liderado relaciónase có apoio social, a calidade do liderado, a previsibilidade ou de claridade do rol no traballo. No caso da falta de apoio social pode ser debido ao seguinte: hai que traballar illadamente, sen apoio dos superiores ou compañeiros e compañeiras, coas tarefas mal definidas ou sen a información adecuada e a tempo. En canto á calidade de liderado, se relaciona cós principios e procedementos de xestión persoal, a capacitación dos mandos para o apoio, a comunicación…Por outro lado, a falta de previsibilidade refírese á ausencia de información e a falta de formación dos cambios. E por último, a claridade de rol, é o coñecemento concreto da tarefas a realizar, obxectivos, responsabilidades e recursos a emplear.

Por outro lado, ás dimensións máis desfavorables, coa cor vermella, son: as esixencias psicolóxicas, a inseguridade, a dobre presencia e a estima.

En canto ás esixencias psicolóxicas, son as derivadas da cantidade e o tempo de traballo. É dicir, serían desfavorables cando temos máis traballo do que podemos realizar no tempo asignado. Ten que ver coa: falta de persoal, a incorrecta medición dos tempos, a mala planificación, a estructura salarial e a inadecuación das ferramentas, materiais ou procesos de traballo o que pode supoñer o alongamento da xornada laboral.

En relación coa inseguridade, hai que ter en conta que se refire á preocupación polo futuro, pola estabilidade do emprego e das posibilidades de empregabilidade, ten que ver coa inseguridade sobre as condicións de traballo, coas amenazas de empeoramento destas e a posibilidade de cambios no futuro. Ademais tamén inflúe a inseguridade contractual referida ao cambio de posto ou servicio contra a vontade do traballador.

No caso da dobre presencia, relaciónase coas esixencias familiares e laborais que deben asumirse de forma simultánea. Son altas cando as esixencias laborais interfiren coas familiares. Tamén ten que ver coa ordenación, duración, alongamento ou modificación da xornada de traballo, o nivel de autonomía (por exemplo, horarios ou días laborais incompatibles có coidado das persoas ou da vida social). É debido á imposibilidade de adaptar o horario ás necesidades familiares…

Por último, a estima está asociada coas faltas de respeto ou o trato inxusto. Refírese á medida en que as persoas traballadoras son tratadas con equidade no seu traballo, o que se traduce en dar a cada un o que se merece e corresponde polo traballo que desempeña.

Táboa resumo:

Táboa resumo de exposicións			
	Número de cuestionarios en cada exposición		
Dimensións	Verde	Amarelo	Vermello
Esixencias psicolóxicas	0	14	14
Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento	16	8	4
Inseguridade	2	10	16
Apoio e liderado	14	8	6
Dobre presencia	1	9	18
Estima	2	13	13

Na táboa resumo de exposicións se recollen os datos referentes á exposición aos riscos psicosociais da plantilla en cada unha das dimensións a estudiar, expresados en números absolutos e según os tres niveis de exposición: máis favorable, intermedio e máis desfavorable para a saúde. Esta información extráese directamente do apartado "Analiza os teus resultados", ao final de cada cuestionario. Sólo hay que sumar o número de de cuestionarios de cada cor para cada unha das dimensións.

Nela podemos observar as dimensións que máis participantes teñen, máis da metade, en cada nivel, así:

- Nivel verde: o traballo activo e posibilidades de desenvolvemento e apoio e liderado
- Nivel amarelo: as esixencias psicolóxicas
- Nivel vermello: a inseguridade e a dobre presencia

Pola contra, a dimensión da estima atópase por igual no nivel intermedio e vermello con 13 participantes cada un.

Polo tanto, confírmanse os datos da primeira táboa, á das medias nas dimensións.

CO FINANCIAMENTO

XUNTA DE GALICIA

ASOCIACIÓN PROVINCIAL EMPRESARIOS HOSTELERÍA E TURISMO LUGO

PARA COMER, LUGO

Táboa de preguntas:

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións y preguntas	"Sempre" ou "M	"Algunhas veces	"Solo algunha v
	Esixencias psicolóxicas			
1	¿Tes que traballar moi rápido?	17	11	0
2	¿A distribución de tareas é irregular e provoca que se che acumule o teu traballo?	2	17	9
3	¿Tes tempo de levar ao día o teu traballo?	20	7	1
4	¿Costache olvidar os problemas do traballo?	5	10	13
5	¿O teu traballo, en xeral, é desgastador emocionalmente?	4	12	12
6	¿O teu traballo requiere que escondas as túas emocións?	8	7	13
	Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento			
7	¿Tes influencia sobre a cantidade de traballo que se che asigna?	8	11	9
8	¿Tense en conta a túa opinión cando se che asignan tarefas?	15	10	3
9	¿Tes influencia sobre a orden en que realizas as tarefas?	11	10	7
10	¿Podes decidir cando fas un descanso?	11	11	6
11	Se tes algún asunto persoal ou familiar, ¿podes deixar o teu posto de traballo polo menos una hora sen ter que pedir un permiso especial?	13	10	5
12	¿O teu traballo require que teñas iniciativa?	15	11	2
13	¿O teu traballo permite que aprendas cousas novas?	21	6	1
14	¿Séntesche comprometido coa túa profesión?	21	5	2
15	¿Teñen sentido as túas tarefas?	22	4	2
16	¿Falas con entusiasmo da tua empresa a outras persoas?	18	7	3

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións y preguntas	"Sempre" ou "M	"Algunhas veces	"Solo algunha ve
	Inseguridade			
17	En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro?	16	7	5
18	En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian de tarefas contra túa vontade?	3	6	19
19	En estos momentos ¿estás preocupado por se che varían o salario (que non cho actualicen, que cho baixen, que introduzan o salario variable, que che paguen en especie, etc.)?	7	6	15
20	En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian o horario (quenda, días da semana, horas de entrada e saída) contra a túa vontade?	6	7	15
	Apoio e liderado			
21	¿Sabes exactamente que marxe de autonomía tes no teu traballo?	18	4	6
22	¿Sabes exactamente que tarefas son da túa responsabilidade?	23	2	3
23	¿Na túa empresa infórmaseche con suficiente antelación dos cambios que poden afectar ao teu futuro?	19	7	2
24	¿Recibes toda a información que necesitas para realizar ben o teu traballo?	20	5	3
25	¿Recibes axuda e apoio das túas compañeiras ou compañeiros?	24	3	1
26	¿Recibes axuda e apoio do teu inmediato ou inmediata superior?	19	5	4
27	¿O teu posto de traballo atópase illado do dos teus compañeiros/as?	7	2	19
28	¿No traballo sentes que formas parte de un grupo?	22	4	2
29	¿Os teus actuais xefes inmediatos planifican ben o traballo?	21	2	5
30	¿Os teus actuais xefes inmediatos comunicanse ben cos traballadores y traballadoras?	19	6	3

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións y preguntas	"Sempre" ou "M	"Algunhas veces	"Solo algunha ve
	Dobre presencia			
32	¿Se faltas algún día de casa, as tarefas domésticas que realizas quedan sen facer?	9	13	6
33	¿Cando estás na empresa, pensas nas tarefas domésticas e familiares?	5	10	13
34	¿Hai momentos nos que necesitarías estar na empresa e na casa á vez?	5	12	11
	Estima			
35	Os meus superiores danme o recoñecemento que merezo	19	4	5
36	Nas situacións difíciles no traballo recibo o apoio necesario	19	6	3
37	No meu traballo trátanme inxustamente?	3	4	21
38	Se penso en todo o traballo o esforzo que realicei, o recoñecemento que recibo no meu traballo me paréce adecuado	17	7	4

A táboa de preguntas recolle os datos referentes a cada unha das preguntas que conforman as dimensións de exposición, expresados en números absolutos.

A información se recolle en tres columnas:

- Na primeira columna, anótase o número de casos que contestaron "sempre" e "moitas veces".
- Na segunda columna, especifícase a número de casos que contestaron "algunhas veces".
- Na terceira columna, indícase o número de casos que contestaron "sólo algunhas veces" ou "nunca".

Ademais, a casilla sombreada é a que indica a puntuación máis desfavorable para a saúde.

Polo tanto, neste análise se destacan as preguntas máis e menos favorables para a saúde, de cada unha das dimensións. Aquelas nas que coinciden máis da metade dos participantes:

No caso das preguntas que obteñen as puntuacións máis favorables, tendo en conta a dimensión á que pertencen, atópanse:

Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento

- ¿Tense en conta a túa opinión cando se che asignan tarefas?
- ¿O teu traballo require que teñas iniciativa?
- ¿O teu traballo permite que aprendas cousas novas?
- ¿Séntesche comprometido coa túa profesión?
- ¿Teñen sentido as túas tarefas?
- ¿Falas con entusiasmo da túa empresa a outras persoas?

En relación coa dimensión de traballo activo e posibilidades de desenvolvemento, é importante indicar que o persoal inflúe na forma de traballar debido a que ten autonomía para xestionar o seu posto, a orde en que realiza as tarefas, ademais tense en conta a súa opinión ao asignarlle as tarefas, pode decidir cando fai un descanso, pode atender a algunha emerxencia familiar sen permiso especial, o traballo require que teña iniciativa, permítelle aprender cousas novas e considera que as súa tarefas teñen sentido, que se sente comprometido coa súa profesión e que fala con entusiasmo da súa empresa.

Inseguridade

- En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian de tarefas contra túa vontade?
- En estos momentos ¿estás preocupado por se che varían o salario (que non cho actualicen, que cho baixen, que introduzan o salario variable, que che paguen en especie, etc.)?
- En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian o horario (quenda, días da semana, horas de entrada e saída) contra a túa vontade?

En relación coa inseguridade o persoal manifesta que foi consciente das súas condicións de traballo desde o primeiro día e que non está preocupado por que lle cambien as súas tarefas ou o horario.

Apoio e liderado

- ¿Sabes exactamente qué marxe de autonomía tes no teu traballo?
- ¿Sabes exactamente que tarefas son da túa responsabilidade?

- ¿Na túa empresa infórmaseche con suficiente antelación dos cambios que poden afectar ao teu futuro?
- ¿Recibes toda a información que necesitas para realizar ben o teu traballo?
- ¿Recibes axuda e apoio das túas compañeiras ou compañeiros?
- ¿Recibes axuda e apoio do teu inmediato ou inmediata superior?
- ¿O teu posto de traballo atópase illado do dos teus compañeiros/as?
- ¿No traballo sentes que formas parte de un grupo?
- ¿Os teus actuais xefes inmediatos planifican ben o traballo?
- ¿Os teus actuais xefes inmediatos comunícanse ben cos traballadores y traballadoras?

En relación có apoio e o liderado, hai que indicar que ten que ver coa claridade de rol na empresa, algo que o persoal ten perfectamente claro, igual que ocurre coas súas tarefas e as súas responsabilidades. Ademais sente apoio dos compañeiros e compañeiras e do seu inmediato superior, tamén considera que forma parte dun grupo e que os seus superiores comunícanse de forma correcta. E, por outro lado, que a pesar de que o posto se atope algo illado, o persoal é apoiado sempre que o necesita.

Estima

- Os meus superiores danme o recoñecemento que merezo
- Nas situacións difíciles no traballo recibo o apoio necesario
- Se penso en todo o traballo e esforzo que realicei, o recoñecemento que recibo no meu traballo me parece adecuado

En canto á estima consideran que reciben o recoñecemento que merecen.

No caso das preguntas que se sitúan nos niveis máis desfavorables atópanse:

Esixencias psicolóxicas

- ¿Tes que traballar moi rápido?

O persoal coincide en que usualmente teñen que traballar moi rápido, algo que consideran normal no sector de hostelería según manifestaron moitos no círculo de prevención posterior ao cuestionario

Inseguridade

- En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro?

Existe moita preocupación pola situación do paro, máis pola situación actual do país que pola empresa. En xeral consideran que na empresa foron honestos e lles dixeron desde o primeiro día que viñan por un tempo. Polo que a preocupación ven determinada pola elevada tasa de paro actual.

Táboa de medidas

Matriz exposición, orixe e medidas preventivas			
Exposición (N=28)	Concretar a exposición	Orixe	Medidas
Esixencias psicolóxicas Exposición máis desfavorable = 19 Exposición intermedia = 12 Exposición máis favorable = 8	¿Tes que traballar moi rápido?	Falta de persoal	Número de persoal adecuado ao traballo
Inseguridade Exposición máis desfavorable = 16 Exposición intermedia = 7 Exposición máis favorable = 0	En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro?	Situación laboral e de crise económica no país Contrato eventual	Garantizar a estabilidade e seguridade do traballo
Dobre presencia Exposición máis desfavorable = 14 Exposición intermedia = 8 Exposición máis favorable = 1	¿Se faltas algún día de casa, as tarefas domésticas que realizas quedan sen facer? ¿Cando estás na empresa, pensas nas tarefas domésticas e familiares? ¿Hai momentos nos que necesitarías estar na empresa e na casa á vez?	Horarios incompatibles coa vida familiar Moitas horas Non descanso entre xornadas	Facilitar a concialiación entre a vida familiar e laboral, turnos rotativos e respeto do descanso entre xornadas

A táboa de medidas é un instrumento que resume a información dos cuestionarios e grupos de discusión para coñecer as exposicións aos riscos psicosociais, a orixe destes e as medidas de prevención que se deben implementar para eliminalos ou controlalos.

Na primeira columna, có título de "Exposicións" recóllese o número de cuestionarios válidos (N) e as dimensións estudiadas, indicando en cada unha delas a exposición máis favorable, a intermedia e a máis desfavorable en números absolutos.

Na segunda columna, denominada "Concretar a exposición" se indican as preguntas coa exposición desfavorable ou na que a que, polo menos, a metade das persoas se encontran no nivel intermedio de exposición.

Na terceira columna de "Orixe" móstranse os datos maís relevantes relacionados coas preguntas do apartado anterior amosando a orixe dos riscos psicosociais debatida no grupo de discusión.

Na columna "Medidas" se atopan as medidas escollidas no grupo de discusión para eliminar ou reducir a orixe do risco psicosocial observado, tanto no cuestionario coma no conseguinte debate.

Así neste caso pódese dicir que as medidas preventivas a levar a cabo pola empresa en cada unha das dimensións son as seguintes:

No caso das esixencias psicolóxicas, a orixe do risco psicosocial é a necesidade de traballar moi rápido, algo que consideran habitual na hostalería porque, como dí algún, "tódolos clientes queren que se lles sirva rápido, feliz e correcto". A solución aportada para este tipo de problema é reforzar cunha persoa extra para eses momentos puntuais que se precisan. Algo que os empresarios manifestan que non é nada fácil de adiantar debido a que o volumen de clientes é, en moitas ocasións impreciso.

En canto á dimensión de traballo activo e posibilidades de desenvolvemento, hai que ter en conta que a súa puntuación sitúa a posición da dimensión no nivel máis favorable para a saúde do traballador, polo que non precisa medidas preventivas.

Por outro lado no caso da inseguridade pódese intentar garantir un futuro por parte da empresa, aínda que saben desde o primeiro momento a situación laboral que se lles presenta, polo que o descontento ten máis que ver cos situación laboral vivida en

España nos últimos anos a consecuencia da crise económica, polo que as medidas terían que ser gubernamentais.

Con respecto ao apoio e liderado, non se estiman necesarias medidas preventivas porque a súa posición na escala atópase no nivel máis favorable para a saúde.

En relación coa dobre presencia hai que dicir que a orixe do risco ten que ver con que os horarios de hostelería, segundo indican, son difíciles de compatibilizar debido a que, en moitos casos (sobretodo nos restaurantes), son á hora das comidas, polo que a opción valorada neste caso sería a rotación de turnos, o que nunha empresa pequena é difícil porque non hai persoal suficiente. Ademais, nalgunhas ocasións, a única posibilidade de trabllar a turnos rotativos sería reduci-la xornada laboral dos traballadores, algo ao que moitos non están dispostos.
Por último, na dimensión da estima, que se atopa moi preto do nivel intermedio tampouco se precisan medidas preventivas en xeral, debido a que nos círculos de prevención os participantes aclaran que se senten recoñecidos e que se lles trata de forma xusta. Aínda que sempre pode ser máis notable.

Táboa de planificación de medidas

Medida Preventivas Xerais
Axustar o persoal ao volume de clientes
Axustar ó tempo ás tarefas a realizar
Control por parte dos traballadores da orde de tarefas e descansos
Incrementar a participación dos traballadores á hora se asignarlles tarefas
Respetar o descanso entre xornadas
Mellorar a comunicación e a empatía
Avisar con antelación dos cambios que os afecten ao futuro dos traballadores
Fomentar o traballo en equipo e eliminar a competitividade entre compañeiros/as e departamentos
Turnos rotativos de mañá e tarde
Garantizar o trato xusto entre os traballadores
Garantizar a estabilidade laboral

Éstas son medidas preventivas que se acordaron nos círculos de prevención nalgunhas empresas.

7. Conclusión xeral

En conclusión podemos resumir o análise realizado coas seguintes indicacións:

Con respeto a táboa de medias das exposicións aos riscos psicosociais, englobados nas dimensións estudiadas, dedúcense dous aspectos, un positivo e outro negativo, se conclúe así que:

En canto ás dimensións máis favorables, destacan: o traballo activo e as posibilidades de desenvolvemento, o apoio e liderado e a estima, que se sitúan no nivel máis favorable para a saúde dos traballadores.

En relación ás dimensións máis desfavorables para a saúde dos traballadores destacar que son: as esixencias psicolóxicas, a inseguridade e a dobre presencia.

No caso da táboa de resumo de exposicións, podemos observar o nivel das dimensións que máis participantes teñen. Se citan a continuación aquelas que teñen máis da metade, segundo o nivel, así:

- Nivel verde: o traballo activo e posibilidades de desenvolvemento e apoio e liderado
- Nivel amarelo: as esixencias psicolóxicas
- Nivel vermello: a inseguridade e a dobre presencia

Polo contrario, a dimensión da estima atópase por igual no nivel intermedio e vermello con 13 participantes cada un.

Por outro lado, na táboa de preguntas tamén se poden obter dous aspectos, positivo é negativo, procedentes das coincidencias nas preguntas máis favorables e desfavorables respectivamente:

No primeiro caso, dos resultados das preguntas máis favorables se obtiveron os seguintes datos:

En relación coa dimensión de traballo activo e posibilidades de desenvolvemento, é importante indicar que o persoal inflúe na forma de traballar, ten autonomía para xestionar o seu posto e a orde en que realiza as tarefas, tense en conta a súa opinión ao asignarlle as tarefas e pode decidir cando fai un descanso; tamén pode atender

algunha emerxencia familiar sen permiso especial, o traballo require que teña iniciativa, permítelle aprender cousas novas e considera que as súas tarefas teñen sentido, ademais se sente comprometido coa súa profesión e fala con entusiasmo da súa empresa.

En relación coa inseguridade, o persoal manifesta que foi consciente das súas condicións de traballo desde o primeiro día e que non está preocupado por que lle cambien as súas tarefas ou o horario senón pola elevada tasa de paro.

En canto ao apoio e o liderado, hai que indicar que o persoal ten claro o seu rol na empresa, así como tamén as súas tarefas e as súas responsabilidades. Ademais sente apoio dos compañeiros e compañeiras e do seu inmediato superior.Tamén considera que forma parte dun grupo e que os seus superiores comunícanse de forma correcta. E, por outro lado, que a pesar de que o posto se atope algo illado, o persoal apoiado sempre que o necesita.

Por último, no caso da estima consideran que reciben o recoñecemento que merecen.

No segundo caso, con respecto aos resultados das preguntas máis desfavorables se deduce que:

O persoal coincide en que usualmente teñen que traballar moi rápido, algo que consideran normal no sector de hostelería según manifestaron moitos no círculo de prevención.

Existe moita preocupación pola situación do paro, máis pola situación actual do país que pola empresa, que xeralmente é honesta desde o primeiro día.

Por outro lado, en relación coa táboa de medidas preventivas e a orixe dos riscos dedúcese o seguinte:

No caso das esixencias psicolóxicas, a orixe do risco psicosocial máis habitual é a necesidade de traballar moi rápido. Polo tanto, a solución aportada para este tipo de problema é reforzar cunha persoa extra para eses momentos puntuais que se precisan.

En canto á dimensión de traballo activo e posibilidades de desenvolvemento, ter en conta que a súa puntuación sitúase no nivel máis favorable para a saúde do traballador, polo que non precisa medidas preventivas.

No caso da inseguridade o descontento ten máis que ver coa elevada tasa de paro actual xa que nas empresas dixéronlle, en xeral, que sería un contrato para un tempo determinado. Polo que as medidas a levar a cabo sería máis de tipo gubernamental.

Con respecto ao apoio e liderado, non se estiman necesarias medidas preventivas porque a súa posición na escala atópase no nivel máis favorable para a saúde.

En relación coa dobre presencia hai que dicir que orixe do risco ten que ver có difícil de compatibilizar os horarios de hostalería, polo que a opción valorada neste caso como medida preventiva sería a rotación de turnos.

Por último, na dimensión da estima, non se atopa moi lonxe do nivel intermedio, polo que se ten en conta o manifestado no círculo de prevención, no que os participantes aclaran que se senten recoñecidos e que se lles trata de forma xusta. Aínda que sempre pode ser máis notable.

8. Análises particulares e conclusións respectivas

1) Avaliación e prevención de riscos psicosociais da Empresa 1

Tasa de resposta

75% dos traballadores eventuais e de recente incorporación

Táboa de medias das dimensión

Dimensións	A	B	C	Media
Esixencias psicolóxicas	15	9	8	11
Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento	24	26	25	25
Inseguridade	6	3	8	6
Apoio e liderado	25	28	25	26
Dobre presencia	8	6	4	6
Estima	12	12	12	12

Nesta táboa se indica o promedio das dimensións, tendo en conta tódalas respostas en cada unha delas. Indicando con cores o nivel de salubridade das dimensións, sendo as máis favorables de cor verde e as máis desfavorables vermellas.

Dentro das dimensións máis favorables destacan: o traballo activo e posibilidades de desenvolvemento e a estima, xa que se móstran de cor amarela pero cunha puntuación moi preto do nivel máis saudable.

No primeiro caso, o traballo activo e posibilidades de desenvolvemento ten que ver coa falta de control sobre os contidos e as condicións de traballo e das posibilidades de desenvolvemento, é dicir, coa influencia na xestión das funcións, o marxe de autonomía na forma de realizar o traballo, coas posibilidades para aplicar habilidades e coñecementos ou có sentido do traballo (utilidade, importancia social, aprendizaxe…).

No segundo caso, a estima está relacionada coas faltas de respeto ou o trato inxusto. Refírese á medida en que as persoas traballadoras son tratadas con equidade no seu traballo, o que se traduce en dar a cada un o que se merece e corresponde polo traballo que desempeña.

Con respecto ás dimensións máis desfavorables, os que se indican coa cor vermella son as esixencias psicolóxicas e a inseguridade.

Neste caso, as esixencias psicolóxicas son as derivadas da cantidade e o tempo de traballo. É dicir, serían desfavorables cando temos máis traballo do que podemos realizar no tempo asignado. Ten que ver coa: falta de persoal, a incorrecta medición dos tempos, a mala planificación, a estructura salarial e a inadecuación das ferramentas, materiais ou procesos de traballo o que pode supoñer o alongamento da xornada laboral.

Por outro lado, a inseguridade refírese á preocupación polo futuro, pola estabilidade do emprego e das posibilidades de empregabilidade, ten que ver coa inseguridade sobre as condicións de traballo, coas amenazas de empeoramento destas e a posibilidade de cambios no futuro. Ademais tamén inflúe a inseguridade contractual referida ao cambio de posto ou servicio contra a vontade do traballador.

Táboa resumo de exposicións aos riscos psicosociais

Táboa resumo de exposicións			
	Número de cuestionarios		
Dimensións	Verde	Amarelo	Vermello
Esixencias psicolóxicas	0	2	1
Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento	1	2	0
Inseguridade	0	1	2
Apoio e liderado	0	3	0
Dobre presencia	0	2	1
Estima	0	3	0

Na táboa resumo de exposicións se recollen os datos referentes á exposición aos riscos psicosociais da plantilla en cada unha das dimensións a estudiar, expresados en números absolutos e según os tres niveis de exposición: máis favorable, intermedio e máis desfavorable para a saúde. Esta información extráese directamente do apartado "Analiza os teus resultados", ao final de cada cuestionario. Sólo hay que sumar o número de dimensións de cada cor para cada un dos cuestionarios.

Nela podemos observar que prácticamente tódalas dimensións de tódolos cuestionarios sitúanse na cor amarela ou vermella agás unha verde que é o "traballo activo e posibilidades de desenvolvemento" explicada anteriormente.

A propósito do anterior, ter en conta que o resto das dimensións teñen que mellorar en maior ou menor medida. A dimensión máis destacable en sentido desfavorable para a saúde é a de "inseguridade" xa que é a única que ten o 66% dos participantes en vermello, tamén definida no apartado anterior.

Táboa de preguntas

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións e preguntas	"Sempre" ou "Moitas veces"	"Algunhas veces"	"Solo algunha vez" ou "Nunca"
	Esixencias psicolóxicas			
1	¿Tes que traballar moi rápido?	3		
2	¿A distribución de tareas é irregular e provoca que se che acumule o teu traballo?	1	2	
3	¿Tes tempo de levar ao día o teu traballo?	1	1	1
4	¿Costache olvidar os problemas do traballo?			3
5	¿O teu traballo, en xeral, é desgastador emocionalmente?		2	1
6	¿O teu traballo requiere que escondas as túas emocións?	1		3
	Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento			
7	¿Tes influencia sobre a cantidade de traballo que se che asigna?	1	1	1
8	¿Tense en conta a túa opinión cando se che asignan tarefas?	1	2	
9	¿Tes influencia sobre a orden en que realizas as tarefas?	1	1	1
10	¿Podes decidir cando fas un descanso?	2		1
11	Se tes algún asunto persoal ou familiar, ¿podes deixar o teu posto de traballo polo menos una hora sen ter que pedir un permiso especial?	2	1	
12	¿O teu traballo require que teñas iniciativa?	1	2	
13	¿O teu traballo permite que aprendas cousas novas?	1	2	
14	¿Séntesche comprometido coa túa profesión?	2	1	
15	¿Teñen sentido as túas tarefas?	1	1	1
16	¿Falas con entusiasmo da tua empresa a outras persoas?	2	1	

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións e preguntas	"Sempre" ou "Moitas veces"	"Algunhas veces"	"Solo algunha vez" ou "Nunca"
	Inseguridade			
17	En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro?	1	2	
18	En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian de tarefas contra túa vontade?		1	2
19	En estos momentos ¿estás preocupado por se che varían o salario (que non cho actualicen, que cho baixen, que introduzan o salario variable, que che paguen en especie, etc.)?		1	2
20	En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian o horario (quenda, días da semana, horas de entrada e saída) contra a túa vontade?		2	1
	Apoio e liderado			
21	¿Sabes exactamente que marxe de autonomía tes no teu traballo?	3		
22	¿Sabes exactamente que tarefas son da túa responsabilidade?	3		
23	¿Na túa empresa infórmaseche con suficiente antelación dos cambios que poden afectar ao teu futuro?		3	
24	¿Recibes toda a información que necesitas para realizar ben o teu traballo?	2	1	
25	¿Recibes axuda e apoio das túas compañeiras ou compañeiros?	2	1	
26	¿Recibes axuda e apoio do teu inmediato ou inmediata superior?	1	2	
27	¿O teu posto de traballo atópase illado do dos teus compañeiros/as?	1		2
28	¿No traballo sentes que formas parte de un grupo?	2	1	
29	¿Os teus actuais xefes inmediatos planifican ben o traballo?	1		2
30	¿Os teus actuais xefes inmediatos comunicanse ben cos traballadores y traballadoras?	1	2	

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións e preguntas	"Sempre" ou "Moitas veces"	"Algunhas veces"	"Solo algunha vez" ou "Nunca"
	Dobre presencia			
32	¿Se faltas algún día de casa, as tarefas domésticas que realizas quedan sen facer?	1	1	1
33	¿Cando estás na empresa, pensas nas tarefas domésticas e familiares?		1	2
34	¿Hai momentos nos que necesitarías estar na empresa e na casa á vez?			3
	Estima			
35	Os meus superiores danme o recoñecemento que merezo	1	2	
36	Nas situacións difíciles no traballo recibo o apoio necesario	2	1	
37	No meu traballo trátanme inxustamente?			3
38	Se penso en todo o traballo o esforzo que realicei, o recoñecemento que recibo no meu traballo me paréce adecuado	1	2	

A táboa de preguntas recolle os datos referentes a cada unha das preguntas que conforman as dimensións de exposición, expresados en números absolutos.

A información se recolle en tres columnas:

- Na primeira columna, anótase o número de casos que contestaron "sempre" e "moitas veces".
- Na segunda columna, especifícase a número de casos que contestaron "algunhas veces".
- Na terceira columna, indícase o número de casos que contestaron "sólo algunhas veces" ou "nunca".

Ademais, a casilla sombreada é a que indica a puntuación máis desfavorable para a saúde.

Polo tanto, a continuación se indican as preguntas nas que coinciden o 100% dos participantes, nun sentido favorable ou desfavorable para a saúde dos traballadores en cada unha das dimensións.

En primer lugar, preguntas en nivel favorable para o 100% dos traballadores tendo en conta as dimensións ás que pertencen:

Esixencias psicolóxicas:

- ¿Costache olvidar os problemas do traballo?

Esta cuestión ten que ver coas esixencias psicolóxicas emocionais que requiren de habilidades específicas persoais ou de reduci-lo tempo de exposición ao risco.

Apoio e liderado:

- ¿Sabes exactamente que marxe de autonomía tes no teu traballo?

Ten que ver coa influencia que ten o traballador á hora de xestionar as súas funcións. A autonomía aporta seguridade ao traballador.

- ¿Sabes exactamente que tarefas son da túa responsabilidade?

É importante xa que dota de confianza ao traballador o feito de coñecer as súas funcións e as dos demais, así non precisan tanto do mando intermedio.

Dobre presencia:

- ¿Hai momentos nos que necesitarías estar na empresa e na casa á vez?

Esta pregunta destaca a influencia que ten a compatibilización da vida familiar e laboral no benestar do traballador, o dato reflexa que xestionan ben o tempo de traballo e familiar coas súas xornadas actuais.

Estima:

- No meu traballo trátanme inxustamente?
- Neste caso se demostra que o trato recibido a os traballadores é notable xa que a respota é "nunca o case nunca" en tódolos participantes.

Por outro lado, as preguntas en nivel desfavorable para o 100% dos traballadores tendo en conta as dimensións ás que pertencen, son:

Esixencias psicolóxicas:

- ¿Tes que traballar moi rápido?

Desta cuestión se deduce que a xestión que calcula a cantidade de tarefas con repecto a tempo para facelas é insuficiente, pode ser por falta de tempo, falta de persoal ou erros de planificación.

Táboa de medidas

Matriz exposición, orixe e medidas preventivas			
Exposición (N=3)	Concretar a exposición	Orixe	Medidas
Esixencias psicolóxicas Exposición máis desfavorable = 15 Exposición intermedia = 11 Exposición máis favorable = 8	¿A distribución de tareas é irregular e provoca que se che acumule o teu traballo? ¿O teu traballo requiere que escondas as túas emocións? ¿Tes que traballar moi rápido?	Depende do número de habitacións ocupadas e do número de salidas O trato ao público En ocasiones non hai persoal suficiente	Planing inicial e persoal acorde Comunicación para a organización Reforzo no comedor e habitacións
Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento Exposición máis desfavorable = 24 Exposición intermedia = 25 Exposición máis favorable = 26	¿Teñen sentido as túas tarefas? ¿Tes influencia sobre a cantidade de traballo que se che asigna? ¿Tes influencia sobre a orden en que realizas as tarefas? ¿Podes decidir cando fas un descanso?	Cliente non recibe un trato agradable Depende do número de clientes Se organiza cós compañeiros Falta de tempo	Mellorar trato reducindo tempos Formación das prioridades Necesidade dun organizador
Inseguridade Exposición máis desfavorable = 8 Exposición intermedia = 6 Exposición máis favorable = 3	En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro?	Pola situación laboral de España	Garantizar a seguridade e a estabilidade no empleo

Matriz exposición, orixe e medidas preventivas			
Exposición (N=3)	Concretar a exposición	Orixe	Medidas
Apoio y liderado Exposición máis desfavorable = 25 Exposición intermedia = 26 Exposición máis favorable = 28	¿Os teus actuais xefes inmediatos planifican ben o traballo? ¿O teu posto de traballo atópase illado do dos teus compañeiros/as?	Superiores non aprecian a falta de persoal O posto de comedor está illado	Escoita activa do superior e persoal Apoio de persoal
Dobre presencia Exposición máis desfavorable = 8 Exposición intermedia = 6 Exposición máis favorable = 4	¿Se faltas algún día de casa, as tarefas domésticas que realizas quedan sen facer?	Falta de tempo	Facilitar horarios con rapidez Evitar os cambios de horario

A táboa de medidas é un instrumento que resume a información dos cuestionarios e grupos de discusión para coñecer as exposicións aos riscos psicosociais, a orixe destes e as medidas de prevención que se deben implementar para eliminalos ou controlalos.

Na primeira columna, có título de "Exposicións" recóllese o número de cuestionarios válidos (N) e as dimensións estudiadas, indicando en cada unha delas a exposición máis favorable, a intermedia e a máis desfavorable en números absolutos.

Na segunda columna, denominada "Concretar a exposición" se indican as preguntas coa exposición desfavorable ou na que a que, polo menos, a metade das persoas se encontran no nivel intermedio de exposición.

Na terceira columna de "Orixe" móstranse os datos maís relevantes relacionados coas preguntas do apartado anterior amosando a orixe dos riscos psicosociais debatida no grupo de discusión.

Na columna "Medidas" se atopan as medidas escollidas no grupo de discusión para eliminar ou reducir a orixe do risco psicosocial observado, tanto no cuestionario coma no conseguinte debate.

Así neste caso pódese dicir que as medidas preventivas a levar a cabo pola empresa en cada unha das dimensións son as seguintes:

Esixencias psicolóxicas

- ¿Tes que traballar moi rápido?
- ¿Costache olvidar os problemas do traballo?
- ¿O teu traballo requiere que escondas as túas emocións?

A maior parte dos traballadores pensan que teñen que traballar moi rápido debido ao volumen de clientes, o cal moitas veces é insospeitado. Ademais din que lles é difícil olvidar os problemas de traballo no seu tempo de lecer e, por outro lado, son conscientes de que o trato ao público implica esconde- las emoción polo que intentan manifesta-las cun compañeiro ou copañeira de confianza e de forma privada.

Inseguridade

- En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro?

Moitos deles están preocupados por non atopar traballo en caso de quedar en paro, xeralmente pola situación laboral actual do país. Ademais tamén en parte a causa dos contratos da empresa que, en ocasións, contratan por días soltos polo que os traballadores non saben planifica-la súa vida.

Apoio e liderado

- ¿Sabes exactamente que marxe de autonomía tes no teu traballo?
- ¿Recibes axuda e apoio do teu inmediato ou inmediata superior?
- ¿O teu posto de traballo atópase illado do dos teus compañeiros/as?

Unha boa parte dos traballadores coinciden en que podería mellorarse a autonomía que teñen no traballo, é dicir, a influencia que teñen para xestionar as súas tarefas. Por outro lado, algúns pensan que o seu traballo encóntrase illado dos seus compañeiros e compañeiras o que valoran como favorable ou desfavorable en función da ocasión

Estima

- Os meus superiores danme o recoñecemento que merezo

Unha parte importante dos traballadores non se senten valorados e consideran que non reciben o recoñecemento que se merecen.

Táboa de medidas

Matriz exposición, orixe e medidas preventivas			
Exposición (N=5)	Concretar a exposición	Orixe	Medidas
Esixencias psicolóxicas Exposición máis desfavorable = 19 Exposición intermedia = 15 Exposición máis favorable = 13	¿Tes que traballar moi rápido? ¿Costache olvidar os problemas do traballo? ¿O teu traballo requiere que escondas as túas emocións? ¿O teu traballo, en xeral, é desgastador emocionalmente?	Falta de persoal Mal ambiente laboral Trato a público Non hai empatía entre compañeiros	Número de persoal adecuado ao traballo Axustar as tarefas ao tempo asignado adecuadamente Comunicación e empatía Escoita activa
Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento Exposición máis desfavorable = 16 Exposición intermedia = 23 Exposición máis favorable = 31	¿Tes influencia sobre a cantidade de traballo, tarefas, orden, descansos, permisos dunha hora…? ¿O teu traballo require que teñas iniciativa?¿O teu traballo permite que aprendas cousas novas? ¿Séntesche comprometido coa túa profesión?¿Teñen sentido as túas tarefas?¿Falas con entusiasmo da tua empresa a outras persoas?	En función da clientela, xestión de tarefas e tempos ineficaz. Opérase por reglas diferentes. Mala planificación do traballo e falta de información	Incrementar o nivel de control sobre os tempos de descansos, pausas,etc. Facilitar a participación do persoal nas decisións de traballo.
Inseguridade Exposición máis desfavorable = 13 Exposición intermedia = 7 Exposición máis favorable = 3	En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro? En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian de tarefas contra túa vontade? En estos momentos ¿estás preocupado por se che varían o salario (que non cho actualicen, que cho baixen, que introduzan o salario variable, que che paguen en especie, etc.)? En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian o horario (quenda, días da semana, horas de entrada e saída) contra a túa vontade?	Situación laboral e de crise económica no país Tarefas non definidas Non estabilidade de horas nin duración do contrato Panificación de horarios ineficaz, non axustados ás necesidades	Definir os postos de traballo, tareas asignadas e o marxe de autonomía Garantizar a estabilidade e seguridade do traballo Adecuar o persoal á acumulación de tarefas

A táboa de medidas é un instrumento que resume a información dos cuestionarios e grupos de discusión para coñecer as exposicións aos riscos psicosociais, a orixe destes e as medidas de prevención que se deben implementar para eliminalos ou controlalos.

Na primeira columna, có título de "Exposicións" recóllese o número de cuestionarios válidos (N) e as dimensións estudiadas, indicando en cada unha delas a exposición máis favorable, a intermedia e a máis desfavorable en números absolutos.

Na segunda columna, denominada "Concretar a exposición" se indican as preguntas coa exposición desfavorable ou na que a que, polo menos, a metade das persoas se encontran no nivel intermedio de exposición.

Na terceira columna de "Orixe" móstranse os datos maís relevantes relacionados coas preguntas do apartado anterior amosando a orixe dos riscos psicosociais debatida no grupo de discusión.

Na columna "Medidas" se atopan as medidas escollidas no grupo de discusión para eliminar ou reducir a orixe do risco psicosocial observado, tanto no cuestionario coma no conseguinte debate.

Así neste caso pódese dicir que as medidas preventivas a levar a cabo pola empresa en cada unha das dimensións máis destacadas son as seguintes:

No caso das esixencias psicolóxicas, as orixes dos riscos psicosociais son: falta de persoal, as dificultades do trato ao público e que non hai empatía entre compañeiros. Polo que as medidas preventivas recomendadas na reunión cós traballadores serían: un número de persoal adecuado ao traballo e axustar as tarefas ao tempo asignado adecuadamente.

En canto á dimensión de traballo activo e posibilidades de desenvolvemento a orixe dos riscos ten que ver con diversos factores: unha xestión de tarefas e tempos ineficaz, manifestan regras diferentes en función do traballador, unha mala planificación do traballo e falta de información. Polo que as medidas recomendadas son: Incrementar o nivel de control sobre os tempos de descansos, pausas... e facilitar a participación do persoal nas decisións de traballo.

Por outro lado no caso da inseguridade as orixes son: a situación laboral e de crise económica no país, que non hai estabilidade de horas nin da duración do contrato, que a planificación de horarios ineficaz, non están axustados ao volumen de traballo. Polo que a medida debatida no círculo de prevención é: intentar conseguir a estabilidade e seguridade do traballo avisando das decisións que afectan ao futuro dos traballadores.

Con respecto ao apoio e liderado, as orixe dos ricos psicosociais son: que as tarefas e responsbabilidades están definidas de forma insuficiente, que hai competitividade entre compañeiros, mala comunicación e escasa empatía. Medidas: eliminar a competitividade e fomentar a comunicación e a empatía

No caso da dobre presencia, a orixe dos riscos psicosociais ten que ver con: horarios incompatibles coa vida familiar, moitas horas, non descanso entre xornadas. Polo que as medidas a levar a cabo poderían ser as seguintes: facilitar a concialiación entre a vida familiar e laboral con turnos rotativos e respeto do descanso entre xornadas.

Por último, na dimensión da estima, a orixe dos riscos psicosociais é debida a diversos factores que son: o non recoñecemento polos superiores nin compañeiros, á competitividade e non compañerismo e ao trato desigual por parte dos superiores. De maneira que as medidas plantexadas no círculo de prevención son: garantizar o respeto e o trato xusto, fomentar o compañerismo e evitar a competitividade entre compañeiros e departamentos.

Táboa de planificación de medidas

Medida	Procede/ Non procede	Observacións
Axustar o persoal ao traballo	Procede	Máis difícil en verán
Axustar ó tempo ás tarefas	Non procede	Depende do volume de clientes
Control dos traballadores das pausas e descansos	Procede	Depende do volume de clientes
Incrementar a participación dos traballadores	Procede	
Avisar con antelación dos cambios que os afecten	Procede	Depende do volume de clientes
Fomentar o traballo en equipo e eliminar a competitividade	Procede	Reunión entre departamentos
Turnos rotativos	Non procede	Horario de comidas
Garantizar o trato xusto	Non procede	Considera que hai trato xusto

Polo que respecta á planificción de medidas preventivas dicir que procederase da seguinte maneira:

En primer lugar, axustarase o ao persoal ao traballo esperado o que é máis difícil no verán porque é máis impreciso o volume de clientes.

En segundo lugar, os traballadores tomarán control das súas pausas e descansos pero depende da clientela.

A continuación, tamén se incrementará a participación dos traballadores á hora de asignarlle as tarefas e nos procedementos de traballo, sempre que sexa para mellora-lo proceso de traballo.

Ademais, se intentará avisar con antelación dos cambios que lles afecten pero, en ocasións, é unha tarea complicada debido a que depende dos clientes.

E por último, evitarase a competitividade entre departamentos e o fomento do compañerismo a través de reunións establecidas polo superior.

Conclusión

En conclusión podemos resumir o análisis realizado para a Empresa 9 coas seguintes indicacións:

Con respeto as táboas de medias e resumo das exposicións aos riscos psicosociais englobados nas dimensións estudiadas dedúcense dous aspectos, un positivo e outro negativo, se conclúe así: que a puntuación máis favorable ten que ver con que se aprenden cousas novas e que o traballo require iniciativa e as máis desfavorables con que a carga de traballo, en ocasións, é difícil de levar no tempo asignado, que a inseguridade contractual inflúe no benestar do persoal, que o apoio e a comprensión dos compañeiros e superiores é mellorable, que hai gran dificultade para compatibilizar a vida laboral e familiar aínda que adaptan como poden e que non senten recoñecemento polo que traballo que realizan.

En relación coas preguntas, ter en conta que hai gran diversidade de opinións. Só coinciden ao 100 % dos participantes en dúas preguntas da dimensión de esixencias psicolóxicas, do que se deduce que é o máis significativo. Con respecto a isto

manifestan que sempre teñen que traballar moi rápido e que, ás veces, non teñen tempo suficiente para realiza-las tarefas que se lles encomendan polo que se lles acumulan e non poden levar ao día o seu traballo.

En canto, ás medidas preventivas acordadas no círculo de prevención son as seguintes: Incrementar o nivel de control sobre os tempos de descansos, pausas... e facilitar a participación do persoal nas decisións de traballo; adecuar o persoal ao traballo de forma máis eficiente; eliminar a competitividade e fomentar a comunicación e a empatía; intentar conseguir a estabilidade e seguridade do traballo avisando das decisións que afectan ao futuro dos traballadores; garantizar o respeto e o trato xusto, fomentar o compañerismo e evitar a competitividade entre compañeiros e departamentos; e intentar facilitar a concialiación entre a vida familiar e laboral con turnos rotativos e respeto do descanso entre xornadas.

Por último, procederase, de forma inmediata a comezar coas medidas preventivas acordadas entre o grupo de traballadores e o superior, como son: axustar o persoal ao traballo, ter control das pausas e descansos por parte dos traballadores, ter en conta a opinión do persoal nos métodos e tarefas dos traballadores, avisar dos cambios coa maior antelación posible e reunións para evitar a competitividade e fomentar o compañerismo entre os departamentos de comedor e cociña.

10) Avaliación e prevención de riscos psicosociais da Empresa 10

Tasa de resposta

100% dos traballadores eventuais e de recente incorporación

Táboa de medias das dimensión

Dimensións	A	Media
Esixencias psicolóxicas	15	15
Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento	24	24
Inseguridade	14	14
Apoio e liderado	22	22
Dobre presencia	9	9
Estima	6	6

Nesta táboa se indica o promedio das dimensións, tendo en conta tódalas respostas en cada unha delas. Indicando con cores o nivel de salubridade das dimensións, sendo as máis favorables de cor verde e as máis desfavorables vermellas.

En canto á dimensión máis favorable, destaca o traballo activo e as posibilidades de desenvolvemento no nivel intermedio de saúde para os traballadores. Esta dimensión ten que ver coa falta de control sobre os contidos e as condicións de traballo e das posibilidades de desenvolvemento, é dicir, coa influencia na xestión das funcións, o marxe de autonomía na forma de realizar o traballo, coas posibilidades para aplicar habilidades e coñecementos ou có sentido do traballo (utilidade, importancia social, aprendizaxe…).

O resto de dimensións atópanse no nivel máis desfavorable, e son: as esixencias psicolóxicas, a inseguridade, o apoio e o liderazgo, a dobre presencia e a estima.

En primer lugar, as esixencias psicolóxicas son as derivadas da cantidade e o tempo de traballo. É dicir, serían desfavorables cando temos máis traballo do que podemos realizar no tempo asignado. Ten que ver coa: falta de persoal, a incorrecta medición dos tempos, a mala planificación, a estructura salarial e a inadecuación das ferramentas, materiais ou procesos de traballo o que pode supoñer o alongamento da xornada laboral.

No que respecta á dimensión de apoio e liderado, ten que ver có apoio social, a calidade do liderado, a previsibilidade ou de claridade do rol no traballo. No caso da

falta de apoio social pode ser debido ao seguinte: hai que traballar illadamente, sen apoio dos superiores ou compañeiros e compañeiras, coas tarefas mal definidas ou sen a información adecuada e a tempo. En canto á calidade de liderado, se relaciona cós principios e procedementos de xestión persoal, a capacitación dos mandos para o apoio, a comunicación…Por outro lado, a falta de previsibilidade refírese á ausencia de información e a falta de formación dos cambios. E por último, a claridade de rol, é o coñecemento concreto da tarefas a realizar, obxectivos, responsabilidades e recursos a emplear.

En canto á inseguridade refírese á preocupación polo futuro, pola estabilidade do emprego e das posibilidades de empregabilidade, ten que ver coa inseguridade sobre as condicións de traballo, coas amenazas de empeoramento destas e a posibilidade de cambios no futuro. Ademais tamén inflúe a inseguridade contractual referida ao cambio de posto ou servicio contra a vontade do traballador.

Por outro lado a dobre presencia relaciónase coas esixencias familiares e laborais que deben asumirse de forma simultánea. Son altas cando as esixencias laborais interfiren coas familiares. Tamén ten que ver coa ordenación, duración, alongamento ou modificación da xornada de traballo, o nivel de autonomía (por exemplo, horarios ou días laborais incompatibles có coidado das persoas ou da vida social). É debido á imposibilidade de adaptar o horario ás necesidades familiares…

Po último, a estima está ten que ver coas faltas de respeto ou o trato inxusto. Refírese á medida en que as persoas traballadoras son tratadas con equidade no seu traballo, o que se traduce en dar a cada un o que se merece e corresponde polo traballo que desempeña.

Táboa resumo

Táboa resumen de exposicións	Número de cuestionarios		
Dimensións	Verde	Amarelo	Vermello
Esixencias psicolóxicas	0	0	1
Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento	0	1	0
Inseguridade	0	0	1
Apoio e liderado	0	0	1
Dobre presencia	0	0	1
Estima	0	0	1

Na táboa resumo de exposicións se recollen os datos referentes a exposición aos riscos psicosociais da plantilla en cada unha das dimensións a estudiar, expresados en

números absolutos e según os tres niveis de exposición: máis favorable, intermedia e máis desfavorable para a saúde. Esta información extráese directamente do apartado "Analiza os teus resultados", ao final de cada cuestionario. Sólo hay que sumar o número de dimensións de cada cor para cada un dos cuestionarios.

Nela podemos observar ao feito de que tódalas dimensións atópanse no nivel máis desfavorables (vermello) agás a dimensión de traballo activo e posibilidades de desenvolvementeo que se atopa no nivel intermedio de saúde para o traballador, dato que concorda e confirma a primeira táboa. Son, polo tanto: esixencias psicolóxicas, apoio e liderazgo, inseguridade, dobre presencia e estima, explicadas na táboa anterior.

Táboa de preguntas

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións e preguntas	"Sempre" ou "Moitas veces"	"Algunhas veces"	"Solo algunha vez" ou "Nunca"
	Esixencias psicolóxicas			
1	¿Tes que traballar moi rápido?		1	
2	¿A distribución de tareas é irregular e provoca que se che acumule o teu traballo?		1	
3	¿Tes tempo de levar ao día o teu traballo?	1		
4	¿Costache olvidar os problemas do traballo?		1	
5	¿O teu traballo, en xeral, é desgastador emocionalmente?	1		
6	¿O teu traballo requiere que escondas as túas emocións?	1		
	Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento			
7	¿Tes influencia sobre a cantidade de traballo que se che asigna?		1	
8	¿Tense en conta a túa opinión cando se che asignan tarefas?		1	
9	¿Tes influencia sobre a orden en que realizas as tarefas?		1	
10	¿Podes decidir cando fas un descanso?		1	
11	Se tes algún asunto persoal ou familiar, ¿podes deixar o teu posto de traballo polo menos una hora sen ter que pedir un permiso especial?	1		
12	¿O teu traballo require que teñas iniciativa?		1	
13	¿O teu traballo permite que aprendas cousas novas?		1	
14	¿Séntesche comprometido coa túa profesión?	1		
15	¿Teñen sentido as túas tarefas?	1		
16	¿Falas con entusiasmo da tua empresa a outras persoas?		1	

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións e preguntas	"Sempre" ou "Moitas veces"	"Algunhas veces"	"Solo algunha vez" ou "Nunca"
	Inseguridade			
17	En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro?	1		
18	En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian de tarefas contra túa vontade?		1	
19	En estos momentos ¿estás preocupado por se che varían o salario (que non cho actualicen, que cho baixen, que introduzan o salario variable, que che paguen en especie, etc.)?	1		
20	En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian o horario (quenda, días da semana, horas de entrada e saída) contra a túa vontade?	1		
	Apoio e liderado			
21	¿Sabes exactamente que marxe de autonomía tes no teu traballo?	1		
22	¿Sabes exactamente que tarefas son da túa responsabilidade?	1		
23	¿Na túa empresa infórmaseche con suficiente antelación dos cambios que poden afectar ao teu futuro?		1	
24	¿Recibes toda a información que necesitas para realizar ben o teu traballo?		1	
25	¿Recibes axuda e apoio das túas compañeiras ou compañeiros?	1		
26	¿Recibes axuda e apoio do teu inmediato ou inmediata superior?		1	
27	¿O teu posto de traballo atópase illado do dos teus compañeiros/as?			1
28	¿No traballo sentes que formas parte de un grupo?		1	
29	¿Os teus actuais xefes inmediatos planifican ben o traballo?		1	
30	¿Os teus actuais xefes inmediatos comunicanse ben cos traballadores y traballadoras?		1	

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións e preguntas	"Sempre" ou "Moitas veces"	"Algunhas veces"	"Solo algunha vez" ou "Nunca"
	Dobre presencia			
32	¿Se faltas algún día de casa, as tarefas domésticas que realizas quedan sen facer?	1		
33	¿Cando estás na empresa, pensas nas tarefas domésticas e familiares?	1		
34	¿Hai momentos nos que necesitarías estar na empresa e na casa á vez?	1		
	Estima			
35	Os meus superiores danme o recoñecemento que merezo		1	
36	Nas situacións difíciles no traballo recibo o apoio necesario		1	
37	No meu traballo trátanme inxustamente?			1
38	Se penso en todo o traballo o esforzo que realicei, o recoñecemento que recibo no meu traballo me paréce adecuado		1	

A táboa de preguntas recolle os datos referentes a cada unha das preguntas que conforman as dimensións de exposición, expresados en números absolutos.

A información se recolle en tres columnas:

- Na primeira columna, anótase o número de casos que contestaron "sempre" e "moitas veces".
- Na segunda columna, especifícase a número de casos que contestaron "algunhas veces".
- Na terceira columna, indícase o número de casos que contestaron "sólo algunhas veces" ou "nunca".

Ademais, a casilla sombreada é a que indica a puntuación máis desfavorable para a saúde.

Polo que aquí, se destacan as preguntas máis e menos favorables para a saúde, de cada unha das dimensións:

No caso das preguntas que se sitúan nos niveis máis favorables atópanse:
Esixencias psicolóxicas

- ¿Tes tempo de levar ao día o teu traballo?

O persoal considera que a relación entre a cantidade de tarefas e o tempo asignado para facelas é adecuado polo que ten tempo de levar ao día o seu traballo.

Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento

- Se tes algún asunto persoal ou familiar, ¿podes deixar o teu posto de traballo polo menos una hora sen ter que pedir un permiso especial?
- ¿Séntesche comprometido coa túa profesión?
- ¿Teñen sentido as túas tarefas?

Neste caso o persoal séntese comprometido coa súa profesión e entende que as súas tarefas teñen sentido e que, en caso de necesitalo, podería atender algunha emerxencia familiar sen ter que pedir ningún permiso especial aínda que non se deu o caso.

Apoio e liderado

- ¿Sabes exactamente que marxe de autonomía tes no teu traballo?
- ¿Sabes exactamente que tarefas son da túa responsabilidade?
- ¿Recibes axuda e apoio das túas compañeiras ou compañeiros?
  ¿O teu posto de traballo atópase illado do dos teus compañeiros/as?

O empregado sabe exactamente cal é o seu marxe de autonomía e as tarefas que son da súa responsabilidade polo que ten claro o seu rol na empresa. Ademais recibe axuda dos seus compañeiros e compañeiras e non se encontrado illado destes.

Estima

- No meu traballo trátanme inxustamente?
- Considera que o trato recibido é o xusto

No caso das preguntas que se sitúan nos niveis máis desfavorables atópanse:

Esixencias psicolóxicas

- ¿O teu traballo, en xeral, é desgastador emocionalmente?
- ¿O teu traballo requiere que escondas as túas emocións?

Se considera que as esixencias psicolóxicas emocionais afectan ás funcións desempeñadas polos traballadores polo volume de clientes. O que é moi habitual en temporada estival por ser un lugar turístico de interés nacional.

Inseguridade

- En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro?
- En estos momentos ¿estás preocupado por se che varían o salario (que non cho actualicen, que cho baixen, que introduzan o salario variable, que che paguen en especie, etc.)?
- En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian o horario (quenda, días da semana, horas de entrada e saída) contra a túa vontade?

Respecto a esta dimensión hai preocupación constante por atoparse en situación de paro, por se lle varían as condicións de traballo (salario, horario…) debido a que o volume de clientes é impreciso.

Dobre presencia

- ¿Se faltas algún día de casa, as tarefas domésticas que realizas quedan sen facer?
- ¿Cando estás na empresa, pensas nas tarefas domésticas e familiares?
- ¿Hai momentos nos que necesitarías estar na empresa e na casa á vez?

Ademais, tamén lle afecta a dificultade de compatibilización entre a vida familiar e o traballo remunerado por encontrarse moi lonxe do seu hogar.

Táboa de medidas

Matriz exposición, orixe e medidas preventivas			
Exposición (N=1)	Concretar a exposición	Orixe	Medidas
Esixencias psicolóxicas Exposición máis desfavorable = 15 Exposición intermedia = 15 Exposición máis favorable = 15	¿O teu traballo requiere que escondas as túas emocións? ¿O teu traballo, en xeral, é desgastador emocionalmente?	Trato ao público implica esconder as emocións de cara ao cliente Lugar turístico, en ocasións demasiada clientela	Adecuar o tempo de traballo as tarefas a realizar con maior eficiencia Mellorar a planificación do traballo Apoio entre compañeiros Reforzo de persoal eventual e fixo

Inseguridade	En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro?	Situación laboral e de crise económica no país	
Exposición máis desfavorable = 14		O persoal de reforzo é moito e sempre diferente polo que é difícil formar grupo	Reforzo de persoal fixo
Exposición intermedia = 14	En estos momentos ¿estás preocupado por se che varían o salario (que non cho actualicen, que cho baixen, que introduzan o salario variable, que che paguen en especie, etc.)?	Non duración do contrato	Garantizar a estabilidade e seguridade do traballo
Exposición máis favorable = 14	En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian o horario (quenda, días da semana, horas de entrada e saída) contra a túa vontade?	Panificación de horarios ineficaz, non axustados ás necesidades	Adecuar o persoal á acumulación de tarefas

Matriz exposición, orixe e medidas preventivas			
Exposición (N=1)	Concretar a exposición	Orixe	Medidas
Apoio y liderado	¿Sabes exactamente que marxe de autonomía tes, tarefas da túa responsabilidade, infórmaseche dos cambios que poden afectar ao teu futuro e para realizar ben o teu traballo?	Tarefas e responsbabilidades de cada un definidas pero demasiados extras novos que non se coñecen polo que é difícil traballar en equipo	Mellorar a comunicación e aumentar a información frente a os cambios e a eficiencia do traballo
Exposición máis desfavorable = 22	¿Recibes axuda e apoio das túas compañeiras ou compañeiros e do teu inmediato superior?	Non existe confianza entre os compañeiros porque hai moitos reforzos que varían cad día	Eliminar o traballo illado, traballar en parellas para repartir a responsabilidade e a carga de traballo
Exposición intermedia = 22	¿O teu posto de traballo atópase illado do dos teus compañeiros/as?¿No traballo sentes que formas parte de un grupo?	Dificultade para empatizar cós compañeiros e para unha comunicación adecuada ao ser novos constantemente	Fomentar o compañerismo e a empatía, incluso entre persoal de reforzo de días soltos
Exposición máis favorable = 22	¿Os teus actuais xefes inmediatos planifican ben o traballo?¿Os teus actuais xefes inmediatos comunicanse ben cos traballadores y traballadoras?	Planificación do traballodifícil debido á cantidade de turistas e á imprecisión déstes	Evitar o traballo repetitivo para no estancarse e aprender

Dobre presencia			Turnos rotativos.
Exposición máis desfavorable = 9 Exposición intermedia = 9 Exposición máis favorable =9	¿Se faltas algún día de casa, as tarefas domésticas que realizas quedan sen facer? ¿Cando estás na empresa, pensas nas tarefas domésticas e familiares? ¿Hai momentos nos que necesitarías estar na empresa e na casa á vez?	Horarios incompatibles coa vida familiar Moitas horas Non descanso entre xorndas	Facilitar a concialiación entre a vida familiar e laboral. Pausas na xornada para evitar a ansiedade Respeto do descanso entre xornadas
Estima Exposición máis desfavorable = 6 Exposición intermedia = 6 Exposición máis favorable = 6	Os meus superiores danme o recoñecemento que merezo Nas situacións difíciles no traballo recibo o apoio necesario Se penso en todo o traballo o esforzo que realicei, o recoñecemento que recibo no meu traballo me paréce adecuado	En ocasións non recoñecemento polos superiores Non compañerismo polas dificultades de formar equipo de traballo ao cambiar aos extras e o persoal eventual constantemente	Garantizar o respeto e o trato xusto Fomentar o compañerismo, a comunicación e a empatía Mostrar o recoñecemento aos traballadores por parte dos superiores e máis ocasións

A táboa de medidas é un instrumento que resume a información dos cuestionarios e grupos de discusión para coñecer as exposicións aos riscos psicosociais, a orixe destes e as medidas de prevención que se deben implementar para eliminalos ou controlalos.

Na primeira columna, có título de "Exposicións" recóllese o número de cuestionarios válidos (N) e as dimensións estudiadas, indicando en cada unha delas a exposición máis favorable, a intermedia e a máis desfavorable en números absolutos.

Na segunda columna, denominada "Concretar a exposición" se indican as preguntas coa exposición desfavorable ou na que a que, polo menos, a metade das persoas se encontran no nivel intermedio de exposición.

Na terceira columna de "Orixe" móstranse os datos máis relevantes relacionados coas preguntas do apartado anterior amosando a orixe dos riscos psicosociais debatida no grupo de discusión.

Na columna "Medidas" se atopan as medidas escollidas no grupo de discusión para eliminar ou reducir a orixe do risco psicosocial observado, tanto no cuestionario coma no conseguinte debate.

Así neste caso pódese dicir que as medidas preventivas a levar a cabo pola empresa en cada unha das dimensións máis destacadas son as seguintes:

No caso das esixencias psicolóxicas, a orixe do risco psicosocial é o trato ao público, o cal implica esconder as emocións de cara ao cliente. É un lugar turístico polo que, en ocasións, hai demasiada clientela. Polo que a posible medida preventiva sería: adecuar o tempo de traballo ás tarefas a realizar con maior eficiencia, mellorar a planificación do traballo, o uso de reforzo de persoal eventual e fixo. O persoal extra xa se leva a cabo.

En canto á dimensión de traballo activo e posibilidades de desenvolvemento non ten ningunha pregunta na casilla máis desfavorable e está no nivel intermedio. Considera que aprende cada día pero ten dificultades debido á volume de clientes e a, consecuente, cantidade de traballo.

Por outro lado no caso da inseguridade, a orixe dos riscos é: a situación laboral e de crise económica no país; que o persoal de reforzo é moito, e sempre diferente, polo que complica o sentimento de grupo; e tamén inflúe a non duración do contrato. Polo que as medidas plantexadas serían as seguintes: reforzo de persoal fixo e avisar coa maior antelación posible do relativo á estabilidade e seguridade do traballo.

Con respecto ao apoio e liderado, a orixe dos riscos é derivada de: que as tarefas e responsabilidades dos extras non estçan definidas, que os traballadores non se coñecen e complica o traballo en equipo, en consecuencia non existe confianza entre os compañeiros e tamén dificulta a aparición do sentimento de empatía entre os empregados. Por esta causa valoráronse as seguintes medidas: mellorar a comunicación e aumentar a información frente a os cambios; eliminar o traballo illado, traballar en parellas para repartir a responsabilidade e a carga de traballo; fomentar o compañerismo e a empatía, incluso entre persoal de reforzo de días soltos; evitar o traballo repetitivo para no estancarse e seguir aprendendo.

No caso da dobre presencia a orixe dos riscos é debida aos horarios incompatibles coa vida familiar, da cantidade de hora e de non respetar o descanso entre xornadas. Polo que se concluíu de levar a cabo as seguintes medidas: turnos rotativos que faciliten a conciliación entre a vida familiar e laboral, pausas na xornada para evitar a ansiedade e respeto do descanso entre xornadas.

Por último, na dimensión da estima, a orixe dos riscos ten que ver con que: en ocasións non hai recoñecemento suficiente dos superiores e non hai compañerismo polas dificultades de formar equipo de traballo ao cambiar aos extras e o persoal eventual constantemente. Polo que as medidas acordadas neste sentido serían as seguintes: garantizar o respeto e o trato xusto, fomentar o compañerismo, a comunicación e a empatía e mostrar o recoñecemento aos traballadores por parte dos superiores e máis ocasións.

Táboa de planificación de medidas

Medida	Procede/ Non procede	Observacións
Reforzo persoal	Non procede	En verán máis difícil polo volume de clientes
Aumentar persoal fixo	Procede	En verán máis difícil polo volume de clientes
Maior comunicación e información	Procede	En verán máis difícil polo volume de clientes
Fomentar o traballo en equipo e o compañerismo	Non procede	Hai sentimento de quipo no persoal fixo
Turnos rotativos	Non procede	En verán máis difícil polo volume de clientes
Pausas durante a xornada	Procede	En verán máis difícil polo volume de clientes
Respeto entre xornadas	Procede	En verán máis difícil polo volume de clientes

No caso da táboa de planificación de medidas procederase a levar a cabo as seguintes medidas preventivas de forma inmediata, fóra da época estival e sempre dentro da medida do posible: aumentar o persoal fixo, maior comunicación e información, pausas durante a xornada e respeto entre xornadas.

Conclusión

En conclusión podemos resumir o análisis realizado para a Empresa 10 coas seguintes indicacións:

Con respeto a táboa de medias das exposicións aos riscos psicosociais englobados nas dimensións estudiadas e da táboa resumo dedúcense dous aspectos, un positivo e outro negativo respectivamente, se conclúe así: que a dimensión máis favorable é o traballo activo e as posibilidades de desenvolvemento, no nivel intermedio. E que as

dimensións máis desfavorables, situándose no nivel vermello, son: as esixencias psicolóxicas, a inseguridade, o apoio e o liderazgo, a dobre presencia e a estima.

En canto a táboa de preguntas tamén se deducen dous aspectos, os das preguntas máis favorables e as máis desfavorables, respectivamente, son: que o persoal considera que a relación entre a cantidade de tarefas e o tempo asignado para facelas é adecuado polo que ten tempo de levar ao día o seu traballo; que se sente comprometido coa súa profesión e que as súas tarefas teñen sentido, considera que o trato recibido é o xusto e que recibe axuda dos seus compañeiros e compañeiras. Por outro lado, polo que respecta ás preguntas máis desfavorables dicir que: considera que as esixencias psicolóxicas emocionais afectan ao seu traballo polo volume clientes, que preocúpase por quedarse en situación de paro e que lle varíen as súas condicións e tamén que lle resulta difícil a compatibilización ente a vida familiar e laboral.

En canto ás medidas preventivas dicir que procederase a levar a cabo de forma inmediata, fóra da época estival e sempre dentro da medida do posible: aumentar o persoal fixo, maior comunicación e información, pausas durante a xornada e respeto entre xornadas.

11) Avaliación e prevención de riscos psicosociais da Empresa 11

Tasa de resposta

100% dos traballadores eventuais e de recente incorporación

Táboa de medias das dimensión

Dimensións	A	Media
Esixencias psicolóxicas	10	10
Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento	8	8
Inseguridade	16	16
Apoio e liderado	14	14
Dobre presencia	12	12
Estima	5	5

Nesta táboa se indica o promedio das dimensións tendo en conta tódalas respostas en cada unha delas.Sinalando os niveis máis favorables e máis desfavorables para a saúde dos traballadores coas cores verde e vemella respectivamente.

Neste sentido a dimensión máis favorable é a das esixencias psicolóxicas, coa cor amarela, que é o nivel intermedio de salubridade. Éstas son as derivadas da cantidade de traballo. É dicir, cando temos máis traballo do que podemos realizar no tempo asignado. Ten que ver coa: falta de persoal, a incorrecta medicións dos tempos, a mala planificación, a estructura salarial e a inadecuación das ferramentas, materiais ou procesos de traballo o que pode supoñer o alongamento da xornada laboral

Pola contra, o resto de dimensións teñen a cor vermella, que é o máis desfavorable para a saúde dos traballadores. Éstas son: o traballo activo e posibilidades de desenvolvemento, o apoio e liderado, a inseguridade, a dobre presencia e a estima.

Polo que respecta, ao traballo activo e posibilidades de desenvolvemento hai que explicar que ten que ver coa falta de control sobre os contidos e as condicións de traballo e das posibilidades de desenvolvemento, é dicir, coa influencia e o marxe de autonomía na forma de realizar o traballo, coas posibilidades para aplicar habilidades e coñecementos ou có sentido do traballo (utilidade, importancia social, aprendizaxe…).

En canto ao apoio e liderado hai que ter en conta que ten que ver có apoio social, a calidade do liderado, a previsibilidade ou de claridade do rol no traballo. No caso da falta de apoio social se pode observar: que hai que traballar illadamente, sen apoio

dos superiores ou compañeiros e compañeiras, coas tarefas mal definidas ou sen a información adecuada e a tempo. No caso da calidade de liderado, indicar que ten que ver cós principios e procedementos de xestión persoal e a capacitación dos mandos para o apoio, a comunicación…Por outro lado, a falta de previsibilidade está relacionada coa ausencia de información e a falta de formación nos cambios. E por último a claridade de rol é o coñecemento concreto da tarefas a realizar, obxectivos e recursos a emplear.

En relación coa inseguridade ter en conta que se refire á preocupación polo futuro, pola estabilidade do empleo e das posibilidades de empleabilidade, ten que ver coa inseguridade sobre as condicións de traballo, coas amenazas de empeoramento destas condicións e a posibilidade de cambios no futuro. Ademais tamén inflúe a inseguridade contractual referida ao cambio de posto ou servicio contra a vontade do traballador.

A continuación, a dimensión da dobre presencia relaciónase coas esixencias familiares e laborais que deben asumirse de forma simultánea. Son altas cando as esixencias laborais interfiren coas familiares. Tamén ten que ver coa ordenación, duración, alargamento ou modificación da xornada de traballo, o nivel de autonomía (por exemplo, horarios ou días laborais incompatibles có coidado das persoas ou da vida social). É debido á imposibilidade de adaptar o horario ás necesidades familiares…

E, por último, a dimensión da estima está relacionada coas faltas de respeto ou co trato inxusto. Refírese á medida en que as persoas traballadoras son tratadas con equidade no seu traballo, o que se traduce en dar a cada un o que se merece e corresponde polo traballo que desempeña.

Táboa resumo

Táboa resumen de exposicións	Número de cuestionarios		
Dimensións	Verde	Amarelo	Vermello
Esixencias psicolóxicas	0	1	0
Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento	0	0	1
Inseguridade	0	0	1
Apoio e liderado	0	0	1
Dobre presencia	0	0	1
Estima	0	0	1

Na táboa resumo de exposicións se recollen os datos de exposición da plantilla en cada unha das dimensións de riscos psicosociais, expresados en números absolutos e

según os tres niveis de exposición: máis favorable, intermedia e máis desfavorable para a saúde. Esta información extráese directamente do apartado "Analiza os teus resultados", ao final de cada cuestionario. Sólo hay que sumar o número de de cuestionarios de cada cor para cada unha das dimensións.

Pódese confirmar o mesmo que na primeira táboa: tódalas dimensión encóntranse no nivel vermello agás a dimensión de esixencias psicolóxicas situada no nivel intermedio, coa cor amarela.

Táboa de preguntas

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións e preguntas	"Sempre" ou "Moitas veces"	"Algunhas veces"	"Solo algunha vez" ou "Nunca"
	Esixencias psicolóxicas			
1	¿Tes que traballar moi rápido?		1	
2	¿A distribución de tareas é irregular e provoca que se che acumule o teu traballo?		1	
3	¿Tes tempo de levar ao día o teu traballo?	1		
4	¿Costache olvidar os problemas do traballo?		1	
5	¿O teu traballo, en xeral, é desgastador emocionalmente?		1	
6	¿O teu traballo requiere que escondas as túas emocións?		1	
	Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento			
7	¿Tes influencia sobre a cantidade de traballo que se che asigna?		1	
8	¿Tense en conta a túa opinión cando se che asignan tarefas?		1	
9	¿Tes influencia sobre a orden en que realizas as tarefas?			1
10	¿Podes decidir cando fas un descanso?			1
11	Se tes algún asunto persoal ou familiar, ¿podes deixar o teu posto de traballo polo menos una hora sen ter que pedir un permiso especial?			1
12	¿O teu traballo require que teñas iniciativa?			1
13	¿O teu traballo permite que aprendas cousas novas?	1		
14	¿Séntesche comprometido coa túa profesión?			1
15	¿Teñen sentido as túas tarefas?		1	
16	¿Falas con entusiasmo da tua empresa a outras persoas?			1

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións e preguntas	"Sempre" ou "Moitas veces"	"Algunhas veces"	"Solo algunha vez" ou "Nunca"
	Inseguridade			
17	En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro?	1		
18	En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian de tarefas contra túa vontade?	1		
19	En estos momentos ¿estás preocupado por se che varían o salario (que non cho actualicen, que cho baixen, que introduzan o salario variable, que che paguen en especie, etc.)?	1		
20	En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian o horario (quenda, días da semana, horas de entrada e saída) contra a túa vontade?	1		
	Apoio e liderado			
21	¿Sabes exactamente que marxe de autonomía tes no teu traballo?			1
22	¿Sabes exactamente que tarefas son da túa responsabilidade?			1
23	¿Na túa empresa infórmaseche con suficiente antelación dos cambios que poden afectar ao teu futuro?	1		
24	¿Recibes toda a información que necesitas para realizar ben o teu traballo?			1
25	¿Recibes axuda e apoio das túas compañeiras ou compañeiros?	1		
26	¿Recibes axuda e apoio do teu inmediato ou inmediata superior?			1
27	¿O teu posto de traballo atópase illado do dos teus compañeiros/as?		1	
28	¿No traballo sentes que formas parte de un grupo?	1		
29	¿Os teus actuais xefes inmediatos planifican ben o traballo?			1
30	¿Os teus actuais xefes inmediatos comunicanse ben cos traballadores y traballadoras?			1

		Nº de casos:		
Pregunta	Dimensións e preguntas	"Sempre" ou "Moitas veces"	"Algunhas veces"	"Solo algunha vez" ou "Nunca"
	Dobre presencia			
32	¿Se faltas algún día de casa, as tarefas domésticas que realizas quedan sen facer?	1		
33	¿Cando estás na empresa, pensas nas tarefas domésticas e familiares?		1	
34	¿Hai momentos nos que necesitarías estar na empresa e na casa á vez?		1	
	Estima			
35	Os meus superiores danme o recoñecemento que merezo			1
36	Nas situacións difíciles no traballo recibo o apoio necesario		1	
37	No meu traballo trátanme inxustamente?	1		
38	Se penso en todo o traballo o esforzo que realicei, o recoñecemento que recibo no meu traballo me paréce adecuado			1

A táboa de preguntas recolle os datos referentes a cada unha das preguntas que conforman as dimensións de exposición, expresados en números absolutos.

A información se recolle en tres columnas:

- Na primeira columna, anótase o número de casos que contestaron "sempre" e "moitas veces".
- Na segunda columna, especifícase a número de casos que contestaron "algunhas veces".
- Na terceira columna, indícase o número de casos que contestaron "sólo algunhas veces" ou "nunca".

Ademais, a casilla sombreada é a que indica a puntuación máis desfavorable para a saúde.

Polo que se destacan as preguntas máis e menos favorables para a saúde, de cada unha das dimensións:

No caso das preguntas que se sitúan nas niveis máis desfavorables atópanse:

Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento

- ¿Tes influencia sobre a orden en que realizas as tarefas?
- ¿Podes decidir cando fas un descanso?
- Se tes algún asunto persoal ou familiar, ¿podes deixar o teu posto de traballo polo menos una hora sen ter que pedir un permiso especial?
- ¿Séntesche comprometido coa túa profesión?
- ¿Falas con entusiasmo da tua empresa a outras persoas?

Considera que non ten influencia sobre a orde en que realiza as taarefas, que non pode decidir cando fai un descanso porque depende dos clientes. E non sente que pode faltar unha hora ao traballo ante unha emerxencia familiar sen ter que pedir un permiso especial. Ademais non se sente comprometido coa súa profesión nin fala con entusiasmo da empresa a outras persoas.

Inseguridade

- En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian de tarefas contra túa vontade?
- En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro?
- En estos momentos ¿estás preocupado por se che varían o salario (que non cho actualicen, que cho baixen, que introduzan o salario variable, que che paguen en especie, etc.)?
- En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian o horario (quenda, días da semana, horas de entrada e saída) contra a túa vontade?

Preocúpalle quedarse en paro, que lle cambien de tarefas, que lle varíen o salario e que llecambien o horario.

Apoio e liderado

- ¿Sabes exactamente que marxe de autonomía tes no teu traballo?
- ¿Sabes exactamente que tarefas son da túa responsabilidade?
- ¿Recibes toda a información que necesitas para realizar ben o teu traballo?
- ¿Recibes axuda e apoio do teu inmediato ou inmediata superior?
- ¿O teu posto de traballo atópase illado do dos teus compañeiros/as?
- ¿Os teus actuais xefes inmediatos planifican ben o traballo?

- ¿Os teus actuais xefes inmediatos comunicanse ben cos traballadores y traballadoras?

En canto a claridade do seu rol non ten claro cal é a súa autonomía nin as tarefas da súa responsabilidade e expón que non recibe toda a información que necesita para realizar ben o seu traballo. Por outro lado, manifesta que non recibe axuda dos seus superiores, que non planifican ben o seu traballo e que non se comunicacn cós traballadores.

Dobre presencia

- ¿Se faltas algún día de casa, as tarefas domésticas que realizas quedan sen facer?

Neste caso indica que cando falta algún día de casa as súas tarefas domésticas quedan sen facer

Estima

- Os meus superiores danme o recoñecemento que merezo
- No meu traballo trátanme inxustamente?
- Se penso en todo o traballo o esforzo que realicei, o recoñecemento que recibo no meu traballo me parece adecuado

No que respecta á estima sente que non recibe o recoñecemento que merece e que é tratada de forma inxusta.

No caso das preguntas que se sitúan nas niveis máis favorables atópanse:

Esixencias psicolóxicas

- ¿Tes tempo de levar ao día o teu traballo?

Considera que, en xeral, a cantidade de tarefas é compatible có tempo dispoñible para facelo

Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento

- ¿O teu traballo permite que aprendas cousas novas?

Admite que o seu traballo permítelle aprender cousas novas.

Apoio e liderado

- ¿Na túa empresa infórmaseche con suficiente antelación dos cambios que poden afectar ao teu futuro?
- ¿No traballo sentes que formas parte de un grupo?

Indica que se lle avisa con suficiente antelación dos cambios e que sente que forma parte dun grupo.

Táboa de medidas

Matriz exposición, orixe e medidas preventivas			
Exposición (N=1)	Concretar a exposición	Orixe	Medidas
Traballo activo e posibilidades de desenvolvemento Exposición máis desfavorable = 8 Exposición intermedia = 8 Exposición máis favorable = 8	¿Tes influencia sobre a cantidade de traballo, tarefas, orden, descansos, permisos dunha hora…? ¿O teu traballo require que teñas iniciativa? ¿Séntesche comprometido coa túa profesión?¿Falas con entusiasmo da tua empresa a outras persoas?	Os horarios e tarefas xestiónanse en función da clientela entre compañeiros Falta de información para o futuro do traballador Categoría profesional non axustada á realidade	Incrementar o nivel de control sobre os tempos de descansos, pausas,etc. Información dos superiores dos métodos de traballo Regularizar a categoría profesional adecuada do contrato
Inseguridade Exposición máis desfavorable = 16 Exposición intermedia = 16 Exposición máis favorable = 16	En estos momentos ¿estás preocupado polo difícil que sería atopar outro traballo no caso de que quedases en paro? En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian de tarefas contra túa vontade? En estos momentos ¿estás preocupado por se che varían o salario (que non cho actualicen, que cho baixen, que introduzan o salario variable, que che paguen en especie, etc.)? En estos momentos ¿estás preocupado por se che cambian o horario (quenda, días da semana, horas de entrada e saída) contra a túa vontade?	Situación laboral e de crise económica no país Non comunicación, non sabe se fai ben ou mal o traballo Duración do contrato indeterminado Non se avisa con suficiente antelación dos cambios de horario e días	Maior comunicación do superior Garantizar a estabilidade e seguridade do traballo Avisar con antelación

Matriz exposición, orixe e medidas preventivas			
Exposición (N=1)	Concretar a exposición	Orixe	Medidas
